

NOUVELLE VAGUE

Richard Linklater, 2025

1663

ESTREA EN NUMAX: 09.01.2025 | V.O.S.E. | +12 | 105 min

A historia detrás da creación do movemento cinematográfico francés coñecido como Nouvelle Vague, centrándose na produción da revolucionaria película de Jean-Luc Godard "À bout de souffle (Ao final da escapada)" en 1959.

«De obrigado visionado para calquera amante do cinema. Maxistral. Unha obra a contracorrente, festiva, emotiva e profundamente acolledora»

Manu Yáñez, FOTOGRAMAS



Entrevista con Richard Linklater: «Godard é para min un heroe intelectual, un exemplo de actitude cara á vida e cara ao cinema»

Por Gregorio Belinchón

A que idade e en que circunstancias viu vostede por vez primeira *À bout de souffle* (Ao final da escapada)? Foi antes de cumprir os 20 anos, en Austin, cando empezaba a dedicarme ao cinema. O meu pai recomendoume que a vise. Díxome que era unha película un tanto peculiar, pero un clásico.

Lembra cal foi a súa primeira impresión? Desconcertoume, si. E interesoume. Captaron a miña atención aspectos formais. A súa orixinalidade, a súa lixeireza, a súa elegancia. Pero aínda non era capaz de procesala do todo, de entender o singular e o relevante que foi esa película, ata que punto foi unha ruptura radical con case todo o anterior e deu paso a un ano cero, como ocorreu coa irrupción do punk no mundo da música. Cos anos, funa redescubriendo. E cada vez me parece máis fascinante.

Diría que é unha das súas películas de cabeceira? Hai tantas! Pero esta encántame e Godard é para min un heroe intelectual, un exemplo de actitude cara á vida e cara ao cinema. Creo que a lección fundamental que deu ao resto dos cineastas é que sempre hai unha maneira distinta, máis persoal e menos convencional, de facer as cousas. Eu tento telo moi en conta, aínda que Godard elevou moitísimo o listón da innovación. É moi difícil estar á súa altura.

Adoita dicirse que moitos afeccionados á música se dividen en seguidores de Lennon e de McCartney. No cinema poderíase dicir algo parecido dos dous principais directores asociados á nova vaga francesa, Jean-Luc Godard e François Truffaut, o marciano e o terrícola. É vostede máis de Truffaut ou de Godard? Interesante. Diría que nun día normal quedo co terrícola. Conecto moito con Truffaut, as súas películas resúltanme íntimas e próximas. Pero Godard... En fin, Godard é droga dura cinematográfica. As súas películas poden admirarse pero non imitarse, para facer algo remotamente parecido habería que estar na súa mente.

En certo sentido, creo que o seu *Nouvelle Vague* se parece á película sobre Godard que podería facer alguén como Truffaut. Si? Entendo o que queres dicir, pero non sei se estou moi de acordo [pensa un intre] Creo que se Truffaut fixese unha película sobre Godard sería moi íntima, porque o coñecía moi ben, pero poderíase coar unha certa dose de resentimento. Eran amigos, pero acabáronse distanciando, e Truffaut morreu antes de que puidesen reconciliarse do todo, como creo que lles ocorreu, por certo, a Lennon e McCartney.

Publicado en elpais.com



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Jean-Luc Godard,
Miguel Marías.
Confluencias

Jean-Luc Godard,
Paulino Viota.
Athenaica

Contrebandes Godard
1960-1968
Matière

A propósito de Godard.
Conversaciones entre
Harun Farocki y Kaja
Silverman.
Caja negra